

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA
CELEBRADA O DÍA 16/01/2024(<http://sede.vilagarcia.gal>)

Sras. / Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

D. LINO MOURIÑO SANTIAGO

DONA PAOLA MARIA MOCHALES

D. CARLOS COIRA LOJO

DONA SONIA OUTON CASAL

D. DIEGO GARCIA SANTIAGO

DONA LUZ MARIA ABALO PÉREZ

D. ALVARO CAROU GARCÍA

DONA ANA MARIA GRANJA GUILLÁN

D. JUAN ANDRES BAYON ROLO

DONA MARIA ELENA SUAREZ SARMIENTO

D. JESUS REY RODRIGUEZ

D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO

DONA MARTA MARÍA FERRADANS PADIN

D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO

D. JULIO VARELA CARDALDA

D. FRANCISCO XABIER RODRIGUEZ PAZ

DONA ROSA MARIA ABUIN RODRIGUEZ

D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO

Concelleiros non asistentes

D. RAUL SANTAMARÍA GONZÁLEZ

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR

GUILLERMO BUCETA GAMALLO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 do día 16/01/2024, e coa asistencia da Secretaria, reuníronse, en primeira convocatoria, os/as señores/as Concelleiros/as, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 30 de novembro de 2023.

2.- Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes novembro de 2023.

3.- Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.

4.- Aprobación, se procede, da Moción sobre a dignificación dos profesionais da avogacía e a procura en relación coa quenda de oficio, dereitos laborais básicos e xubilacións.

5.- Aprobación, se procede, da Moción presentada polo grupo político municipal do PP sobre mellora da iluminación en todo o Concello de Vilagarcía.

6.- Aprobación, se procede, da Moción presentada polo grupo político municipal do PP para promover a creación dun cuarto Xulgado en Vilagarcía.

7.- Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.

8.- Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.

9,- Resposta dos/as concelleiros/as delegados/as ás preguntas formuladas no Pleno anterior.

10,- Rogos e preguntas formuladas polos membros da Corporación Municipal.

11,- Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.

A sesión é gravada, imaxe e son, polos funcionarios municipais D. Fernando Pérez Quintela e D. Angel Figueiredo González utilizando o sistema de videoactas ao que se poderá acceder a través da <http://sede.vilagarcia.gal>

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 30 DE NOVIEMBRE DE 2023.

Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta.
Non habendo ningunha proposta de rectificación queda aprobada por unanimidade dos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21)

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240116&punto=1>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NO MES DE NOVEMBRO DE 2023: Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA:

- 1 Aprobación pregos de cláusulas administrativas
- 1 Inscripción Asociación en Rexistro Municipal
- 4 Aprobación Plan de Seguridade e Saúde
- 1 Nomeamento letrados para procedemento xudicial
- 2 Aprobación expediente de contratación
- 1 Resolución recurso de alzada contra exclusión expte. De licitación
- 2 Expte. De modificación de crédito
- 2 Expte. De transferencia de crédito
- 1 Alta inscrición rexistro animais potencialmente perigosos
- 3 Licenza tenza de animais potencialmente perigosos
- 1 Renovación licenza tenza de animais potencialmente perigosos
- 1 Baixas padrón de habitantes por inscrición indebida
- 1 Resolución primeiras alegacións identificación condutor
- 1 Arquivo expte sancionador de tráfico
- 44 Resolución primeiras alegacións expediente sancionador de tráfico
- 1 Envío vehículos a empresa autorizada descontaminación
- 1 Aboamento servizos prestados en horario nocturno
- 1 Nomeamento funcionaria interina
- 1 Nomeamento oficiais electricistas
- 1 Delegación funcións da Alcaldía
- 4 Substitución cargo categoría superior
- 1 Aboamento Plan de Pensións
- 1 Nomeamento funcionarios OEP 2022 Estabilización
- 2 Recurso contencioso administrativo responsabilidade patrimonial
- 1 Adxudicación subministro composteiros
- 1 Ampliación prazo de execución
- 2 Avocación competencias
- 2 Resolución primeiras alegacións ordinario Tesourería
- 1 Desestimatoria Plan personalizado de pago
- 1 Estimatoria Fallidos
- 5 Estimatoria rateo no IVTM
- 4 Estimatoria ICIO
- 24 Estimatoria Pagos duplicados
- 3 Estimatoria recibos

6 Estimatoria compensación de débedas
6 Estimatoria IBI
20 Estimatoria/deseestimatoria liquidacións e baixas
1 Estimatoria bonificación IBI
1 Deseestimatoria bens urbana
15 Estimatoria/deseestimatoria IVTM
28 Estimatoria/deseestimatoria taxas e prezos públicos
32 Estimatoria/deseestimatoria beneficios fiscais no IVTM
7 Estimatoria/deseestimatoria IIVTNU
2 Comisións Bancarias
5 Expediente Intervención
5 Expedientes Tesourería
2 Pago préstamo bancario
1 Xuros contas bancarias
3 Comisións tarxetas bancarias
1 Licenza de segregación
4 Legalización de obras
2 Licenzas de primeira ocupación e acometida e conexión auga e saneamento
11 Comunicación apertura de establecementos
3 Arquivo comunicación previa obras
44 Comunicación previa de obras
26 Licenza de obra menor
12 Licenza de obra maior
2 Conformidade proxecto de execución
6 Concesión de prórroga para realización de obras
7 Deber de conservación
11 Reposición da legalidade urbanística
4 Sancionador por rúidos

TOTAL: 390

O Concello Pleno queda sabedor.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240116&punto=2>

Así mesmo poderá acceder á gravación integra en: sede.vilagarcia.gal

3.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓN S OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS:

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con

anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Está presentada a seguinte solicitude de participación cidadá:

- D Laureano Manuel Barreiro Pereira en relación coa moción presentada sobre a dignificación dos profesionais da avogacía e a procura en relación coa quenda de oficio, dereitos laborais básicos e xubilacións, que intervén no punto 4 da Orde do Día.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240116&punto=3>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

4- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN SOBRE A DIGNIFICACIÓN DOS PROFESIONAIS DA AVOGACÍA E A PROCURA EN RELACIÓN COA QUENDA DE OFICIO, DEREITOS LABORAIS BÁSICOS E XUBILACIÓN. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade, de data 15 de xaneiro de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada por D. Laureano Manuel Barreiro Pereira en representación da Plataforma Marea Negra Galicia, Movemento #J2 e o Sindicato Profesional VENIA, coa data de 15 de decembro de 2023, do seguinte teor:.

AO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA

MOCIÓN SOBRE A DIGNIFICACIÓN DOS PROFESIONAIS DA AVOGACÍA E A PROCURA EN RELACIÓN COA QUENDA DE OFICIO, DEREITOS LABORAIS BÁSICOS E XUBILACIÓN

A plataforma Marea Negra Galicia, o Movemento #J2 e o sindicato profesional VENIA, a través do letrado en exercicio Laureano Manuel Barreiro Pereira, con DNI nº 44.808.235-A, diante dese Concello presentan Moción a fin de que se faga chegar a tódolos grupos políticos con representación no Pleno Municipal, aos efectos de que se así o consideran, fagan súa a presente MOCIÓN, nos termos que se deixan expostos, elevándoa ao Pleno para o seu debate e no seu caso aprobación, ao aveiro da normativa aplicable, moción sobre a dignificación dos profesionais da avogacía e a procura

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Quenda de Oficio, constituída por avogados/as e procuradores/as é un servizo público esencial para garantir un estado de dereito e a tutela xudicial efectiva dos máis desfavorecidos. O acceso á xustiza por parte de todos os cidadáns é un dereito fundamental consagrado constitucionalmente, sendo este colectivo quen presta ese servizo a través de profesionais cualificados, en preparación continua para lograr un servizo de máxima calidade. Trátase dun dos servizos públicos mellor valorados polos usuarios, estimándose que un 82% deles valoranno positivamente.

Somos profesionais con vocación de servizo público, prestado por mandato directo da Administración, en Galicia por mandato da Xunta de Galicia, sen que se teña cotizado xamais polo tempo adicado a un servizo prestado, os 365 días do ano, sempre con dificultades para poder traballar nunhas condicións mínimas de dignidade. Por elo resulta imprescindible que se nos recoñezan os mesmos dereitos laborais e sociais básicos que ao resto dos cidadáns.

Malia atoparnos diante dunhas profesións nas que, tradicionalmente, asúmese por parte dos cidadáns que son ben remuneradas, a situación real é moi lonxana da imaxe social que se

proxecta, xa que os avogados/as e procuradores/as da quenda de oficio carecen de dereitos dos que hoxe sería impensable privar a calquer outro traballador. As reclamacións do colectivo non son todas económicas, tampouco as máis relevantes, pero a dignidade dun traballo ou dun servizo, necesariamente implica unha remuneración digna.

Na quenda de oficio non temos días libres, non temos dereito a permisos de paternidade/maternidade, nin por falecemento dun familiar, nin por enfermidade propia, nin dun familiar directo. Non existe norma que estableza os nosos dereitos nestas situacións para que se suspendan as vistas e prazos procesais. Non temos dereito á conciliación familiar, laboral ni persoal, nin á desconexión dixital, nin ao descanso. Todo isto estamos reivindicando.

Por riba, a remuneración dos servizos na quenda de oficio é insignificante, e hai tantas actuacións que non se remuneran que o servizo adoita resultar deficitario para os profesionais que o prestan. Aboanse cantidades irrisorias (20 euros por unha entrada e rexistro de 11 horas de traballo) ou directamente non se pagan outras actuacións (as gardas as que non son chamados, recursos, actuacións extraxudiciais, redacción de escritos procesuais...). Os transportes tampouco se pagan (coche, combustible, seguros... son asumidos polo profesional), o seguro de accidentes non existe (pagao o profesional), o persoal que tramita a xustiza gratuita son empregados dos colexios profesionais (pagados en parte coas cuotas aboadas por éstos), os impresos, papel e copias, pagaas o profesional e, para rematar, pero especialmente importante: os servizos prestados non se recoñecen a ningún efecto (nin se cotizan á seguridade social, nin computan para os concursos ou oposicións, nin en ningún outro sentido).

O profesional da avogacía e da procura, adscrito ou non á quenda de oficio, non ten dereito á xubilación. Vese obrigado a continuar eternamente no seu traballo, posto que as suas xubilacións sonno en contías na maior parte dos casos inferiores as dunha pensión non contributiva, malia cotizar durante toda a súa vida profesional. Ata o año 1995 estos profesionais non podían darse de alta no sistema público de traballadores autónomos ou RETA; obrigábaselles, como única opción posible, a adherirse a un sistema privado, as mutualidades. Cando se abriu a posibilidade de adscribirse ao sistema público, e ata hoxe así continúa sendo, o exercicio desta posibilidade implicaba para os avogados/as cotizantes na Mutualidad General de la Abogacía ou en Altermutua, ou os procuradores/as na Mutualidad dos Procuradores, que todo o aportado queda atrapado nesa entidade privada.

Dende os colexios profesionais continuouse potenciando e recomendando a permanencia dentro das mutualidades e a afiliación ás mesmas para os novos colexiados, prometéndolles mellores prestacións e pensións lixeiramente superiores ás do RETA para pagos ao longo da vida profesional similares, sendo a Mutualidad a que establecía as tablas de cotización de cada mutualista. Pero no momento da efectiva xubilación en ningún caso estanse aboando as pensións prometidas, xa que na maior parte dos casos son inferiores a 500 euros, aínda por riba non actualizables, son moitos os compañeiros/as que se están xubilando con pensións de entre trescentos e quinientos euros. Esa cantidade mensual é a que cobraremos ao longo de toda a nosa vida, sin que se lle aplique absolutamente ningún coeficiente de actualización, un xubilado que a día de hoxe cobre 400 euros, pasados vinte anos cobrará 400 euros, manifestándosenos agora ademáis que os nosos fondos non están garantidos, posto que por posteriores reformas legislativas o que era un plan alternativo de xubilación pasou a ser un plan de pensións individuais, moi alonxado do prometido, con pensións vitalicias ridículas, sempre inferiores ao importe dunha pensión non contributiva.

Agora, novamente voltan a artellarse reformas no sistema de protección mutual alternativo ao público. Un sistema inicialmente imposto, posteriormente alabado e incentivado e, finalmente, transformado. Unha vez máis lévase a cabo sen contar coa opinión do colectivo afectado. Mentres, os profesionais constatan que os seus compañeiros/as máis vellos non se poden xubilaren e que as

estimacións dos que son máis novos poidan facelo son cada vez máis irrealis.

Non solicitamos ningún privilexio, prebenda ou prestación a cargo dos contribuintes ou do resto de traballadores. Interesamos que se nos permita trasladar o noso diñeiro que temos retido nas entidades privadas mutuals, as cotizacións de toda unha vida, ao sistema público, igual que xa se fixo no seu día con notarios e corredores de comercio. Prendemos que se nos trate do mesmo xeito que ao resto de traballadores/as, rematando cun problema social que non debe seguir sendo obviado, nin ocultado, nin parcheado, senon que ten que ser afrontado sen dilación e con carácter urxente para atoparlle solucións.

Os avogados/as e a procura mutualista non ten dereito a unha incapacidade permanente total, non temos pagas extraordinarias, non temos cese de actividade, os nosos fillos non teñen dereito a pensión de orfandade, non existe a pensión de viudedade, os profesionais ó longo da nosa vida profesional so podemos ter baixa por IT durante 365 días, en toda a nosa vida, e si o que padecemos en unha enfermidade psicolóxica, so durante 60 días podemos ter baixa por tal padecemento, ata 2012 non tiñamos nin seguro médico... todos eles son dereitos esenciais para calquer traballador/a, e os que loitan pola procura de estos dereitos nos tribunais carecen deles.

Tanto a abogacía como a procura está loitando polo que é de xusticia ó longo de toda España, estas mociones están sendo presentadas en Concellos, Diputación e nos Parlamentos Autonómicos, na maior parte en forma de PNL presentadas por grupos políticos, todas elas sendo aprobadas de maneira unánime pola totalidade dos grupos, así xa se aprobaron PNL nos parlamentos de Andalucía, Galicia, Cantabria, Cataluña..., pendente de celebración en Murcia, Canarias, Madrid... polo concello e deputación de Cádiz, en Xaén, en Xerez, Ponferrada... aprobándose sempre por unanimidade.

Por todo o exposto e co fin de avanzar na solución destes problemas, preséntase, para a súa aprobación, a seguinte

MOCIÓN:

1. Instar á Xunta de Galicia e ao Goberno de España a promover as modificacións normativas necesarias para garantir unha remuneración digna polas actuacións realizadas polos profesionais da avogacía e a procura que traballan na Quenda de Oficio, e a remuneración da totalidade das actuacións e do servizo digna, e actualizable anualmente conforme ao IPC, establecendo orzamentos específicos para a Xustiza gratuita.

2. Instar ao Goberno Galego e ao Goberno de España para que se estableza un marco xurídico de referencia, aprobando un Estatuto Xurídico dos Avogados/as e Procuradores/as da Quenda de Oficio, que mediante una norma legal, independente e específica, regule a relación destes profesionais coa Administración na prestación do servizo, fixando os dereitos de conciliación, desconexión e descanso así como os efectos do tempo traballado en materia de Seguridade Social, con carácter retroactivo, nas mesmas condicións que ao resto de traballadores.

3.- Instar ao Goberno de España a promover as modificacións normativas necesarias para establecer unha ventá ou pasarela que permita a posibilidade puntual, individual e voluntaria, de que os/as profesionais da avogacía e a procura que o desexen poidan recuperar as súas aportacións ás mutualidades privadas con destino ao RETA, así como a posibilidade de completar cotización, Débese garantir a tódolos profesionais, en función dos seus anos de exercizo e cotización ás mutualidades, o dereito a unha pensión de xubilación digna, nas mesmas condicións que os cotizantes do RETA, incluídos para aqueles que xa conforman as clases pasivas, así como melloras fiscais en fase de xubilación no referente ó rescate das cantidades aportadas e melloras na compatibilidade do cobro da pensión de xubilación e ó exercizo da profesión.

4.- Trasladar estos acordos á Xunta de Galicia, ao Goberno de España, a tódolos grupos parlamentarios con representación no Parlamento de Galicia e de España, así como ao Parlamento

Europeo, ao Consello da Avogacía Galega, ao Consejo General de la Abogacía Española e á Dirección General de Seguros y Fondos de Pensiones.

OUTROSÍ DIGO.- Que vense a interesar:

1º.- Que se notifique a estes solicitantes a data de votación da moción e posterior resultado da mesma, mediante as direccións de correo electrónico: barreiroavogados@gmail.com

2º.- Que se permita a intervención no debate da Moción, dun voceiro/a que poida expor con detalle o problema que aquí trasladamos.

En Vilagarcía de Arousa, na data que consta figura na firma electrónica.

A citada moción subscríbena na Comisión Informativa os grupos políticos municipais do PSG-PSOE, BNG e EU.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, BNG e EU informan favorablemente.

As persoas representantes do grupo político municipal do PP e din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción sobre a dignificación dos profesionais da avogacía e a procura en relación coa quenda de oficio, dereitos laborais básicos e xubilacións.

- Intervén D. Laureano Manuel Barreiro Pereira para explicar as reivindicacións que figuran na Moción.

Na sesión plenaria sométese a votación a moción polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos/as Concelleiros/as presentes no Pleno (20 de 21).

ACÓRDASE Aprobar a moción presentada e:

1. Instar á Xunta de Galicia e ao Gobierno de España a promover as modificacións normativas necesarias para garantir unha remuneración digna polas actuacións realizadas polos profesionais da avogacía e a procura que traballan na Quenda de Oficio, e a remuneración da totalidade das actuacións e do servizo digna, e actualizable anualmente conforme ao IPC, establecendo orzamentos específicos para a Xustiza gratuita.

2. Instar ao Goberno Galego e ao Gobierno de España para que se estableza un marco xurídico de referencia, aprobando un Estatuto Xurídico dos Avogados/as e Procuradores/as da Quenda de Oficio, que mediante una norma legal, independente e específica, regule a relación destes profesionais coa Administración na prestación do servizo, fixando os dereitos de conciliación, desconexión e descanso así como os efectos do tempo traballado en materia de Seguridade Social, con carácter retroactivo, nas mesmas condicións que ao resto de traballadores.

3.- Instar ao Gobierno de España a promover as modificacións normativas necesarias para establecer unha ventá ou pasarela que permita a posibilidade puntual, individual e voluntaria, de que os/as profesionais da avogacía e a procura que o desexen poidan recuperar as súas aportacións ás mutualidades privadas con destino ao RETA, así como a posibilidade de completar cotización, Débese garantir a tódolos profesionais, en función dos seus anos de exercizo e cotización ás mutualidades, o dereito a unha pensión de xubilación digna, nas mesmas condicións que os cotizantes do RETA, incluídos para aqueles que xa conforman as clases pasivas, así como melloras fiscais en fase de xubilación no referente ó rescate das cantidades aportadas e melloras

na compatibilidade do cobro da pensión de xubilación e ó exercicio da profesión.

4.- Trasladar estos acordos á Xunta de Galicia, ao Gobierno de España, a todos los grupos parlamentarios con representación no Parlamento de Galicia e de España, así como ao Parlamento Europeo, ao Consello da Avogacía Galega, ao Consejo General de la Abogacía Española e á Dirección General de Seguros y Fondos de Pensiones.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240116&punto=4>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

5- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP SOBRE MELLORA DA ILUMINACIÓN EN TODO O CONCELLO DE VILAGARCÍA. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade, de data 15 de xaneiro de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP coa data de 19 de decembro de 2023, do seguinte teor:

MOCIÓN

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 28 de decembro de 2023 a seguinte MOCIÓN:

“Mellora da iluminación en todo o concello de Vilagarcía”

EXPOÑEN

Dende hai anos, o concello de Vilagarcía sofre unha gran falta de iluminación nas súas rúas. Tanto a veciñanza como os visitantes, sinalan, o escura que está a nosa vila e a inseguridade que senten ao transitar, tanto a pé como con vehículos, por diversas zonas debido á escasa iluminación. Unha situación que deixa a Vilagarcía cunha imaxe pobre e moi pouco atractiva.

A falta de iluminación é consecuencia do cambio dos antigos farois polas novas luminarias led. Unha iluminación que permite aforrar no consumo, pero que en moitas zonas viu acompañado dunha redución da intensidade e da potencia da luz, deixando puntos negros e rúas que están case a escuras. Dende o grupo municipal do Partido Popular estamos a favor do aforro enerxético, pero entendemos que a redución do consumo non pode ir en detrimento da necesaria iluminación do noso concello e pon de manifesto que fai falla a instalación de máis puntos de luz.

Con carácter preventivo, tamén creemos que é necesario mellorar a iluminación dos semáforos e dos pasos de peóns, aumentando a seguridade viaria e evitando así atropelos nos momentos de menos visibilidade.

A falta de luz, ademais de empobrecer Vilagarcía, tamén xera inseguridade na nosa veciñanza e visitantes. A iluminación vai da an da seguridade viaria pero tamén da seguridade cidadá. Os transeúntes evitan adentrarse en determinadas rúas debido á súa escuridade pola inseguridade que iso xera.

Se esta situación é preocupante no centro da vila, no rural é aínda máis triste. Moitas rúas das nosas parroquias, xa non é que teñan pouca iluminación, é que directamente contan con puntos que carecen de luminarias.

Tralo exposto anteriormente, o Grupo Municipal do Partido Popular SOLICITA

- Que se realice unha auditoría de calidade lumínica do concello para coñecer as necesidades da

nosa vila e que se tomen as medidas que dita auditoría estableza para mellorar a iluminación e a seguridade.

- Que de forma progresiva, se mellore a iluminación nos pasos de peóns e nos semáforos do noso concello.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PP informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP sobre mellora da iluminación en todo o Concello de Vilagarcía.

Na sesión plenaria sométese a votación o asunto polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con once votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PP (8), BNG (2) e EU (1) e nove abstencións dos/as concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PSG-PSOE (9)

ACÓRDASE Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do PP e:

- Que se realice unha auditoría de calidade lumínica do concello para coñecer as necesidades da nosa vila e que se tomen as medidas que dita auditoría estableza para mellorar a iluminación e a seguridade.

- Que de forma progresiva, se mellore a iluminación nos pasos de peóns e nos semáforos do noso concello.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240116&punto=5>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PP PARA PROMOVER A CREACIÓN DUN CUARTO XULGADO EN VILAGARCÍA. Dáse conta do ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais e Igualdade, de data 15 de xaneiro de 2024, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo político municipal do PP coa data de 8 de xaneiro de 2024, do seguinte teor:

MOCIÓN

Os concelleiros integrantes do Grupo Municipal Popular, ao amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión e, no seu caso, aprobación no Pleno Ordinario do 16 de xaneiro de 2024 a seguinte MOCIÓN:

Promover a creación dun cuarto xulgado en Vilagarcía

EXPOÑEN

Dende hai anos, Vilagarcía ten un problema coa saturación dos seus xulgados. Atendendo ás condicións dos nosos xulgados, o ideal sería que cada un dos órganos soportase, como máximo,

arredor de 700 causas ao ano, sen embargo, na actualidade, están atendendo preto de 1500 asuntos por xulgado de media (segundo os datos do CGPJ). O volume de traballo ao que están sometidos os profesionais da xustiza é moi alto, e só a súa vontade e implicación permiten que os procesos poidan saír adiante. A solución que se leva demandando dende hai anos é a creación dun cuarto xulgado na nosa cidade.

A Comisión Mixta de Xustiza da Xunta co TSXG sinalou, en varias ocasións a necesidade de que Vilagarcía contase cun novo xulgado, é nestes dous últimos anos cando dito órgano considera ao cuarto Xulgado de Vilagarcía como unha das máximas prioridades na comunidade.

Por este motivo consideramos que é imprescindible tomar as medidas oportunas dende a administración municipal para non perder esta oportunidade.

Se a comisión mixta sinala a Vilagarcía como unha das principais prioridades, sería tarefa do goberno central aprobar que Vilagarcía conte cun cuarto xulgado, da Xunta construír o edificio e do goberno municipal atopar o espazo adecuado para poñer a disposición do goberno autonómico. Este grupo municipal considera que o lugar idóneo para a construción do cuarto Xulgado sería nunha parte do solar que se atopa a carón dos actuais edificios xudiciais (Avda. da Mariña, 11).

Non pode haber xustiza se os xulgados están saturados e non se presta un servizo adecuado á nosa veciñanza. O atraso nos xuízos e nas resolucións causa numerosos problemas aos nosos cidadáns. En termos psicolóxicos, algúns problemas alónganse durante moito tempo, de feito, xa se están fixando xuízos para o 2025. E en termos económicos, a falta de resolucións provoca que haxa moitos cartos parados nos xulgados. Nada se parece tanto á inxustiza, que a xustiza tardía. Tralo exposto anteriormente, o Grupo Municipal do Partido Popular solicita ao pleno municipal os seguintes acordos:

1- Que o Concello de Vilagarcía de Arousa inste ao Ministerio de Xustiza para que tome en consideración as necesidades sinaladas pola Comisión Mixta entre a Xunta de Galicia e o TSX de Galicia na Memoria anual, e aprobe a creación dun novo Xulgado en Vilagarcía.

2- Que o goberno municipal obteña a libre disposición dunha parte do solar que se atopa a carón do actual edificio xudicial (Avda. da Mariña, 11) e realice todos os trámites necesarios a fin de cedela á Xunta de Galicia para a construción do Cuarto Xulgado.

3.- Unha vez cumpridos os requisitos precedentes, inste á Xunta de Galicia para que constrúa un Cuarto Xulgado en Vilagarcía de Arousa.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

As persoas representantes do grupo político municipal do PP informan favorablemente.

As persoas representantes dos grupos políticos municipais do PSG-PSOE, BNG e EU din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do PP para promover a creación dun cuarto Xulgado en Vilagarcía.

- Polo grupo político municipal do BNG presentase unha emenda á moción.

- O grupo político municipal do PP non acepta a emenda.

Na sesión plenaria sométese a votación a moción polo Sr. Alcalde , sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con nove votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PP (8) e EU (1), e once votos en contra dos/as concelleiros/as pertencentes aos

grupos políticos municipais do PSG-PSOE (9) e BNG (2)

ACÓRDASE Por maioría rexeitar a moción presentada polo grupo político municipal do PP para promover a creación dun cuarto Xulgado en Vilagarcía.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240116&punto=6>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

7.- INTERPELACIÓNS OU CONTROL DAS DECISIÓNS DO GRUPO DE GOBERNO.

Non se presentaron

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240115&punto=7>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

8.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, propoñéndose a seguinte Moción polo grupo político municipal do BNG:

Moción para demandar da Xunta de Galiza accións para paliar as consecuencias da “marea plástica” nas costas galegas

Xabier Rodríguez Paz, concelleiro/a do Grupo Municipal do BNG do Concello de Vilagarcía de Arousa presenta para o seu debate en pleno a seguinte moción.

Exposición de motivos:

Máis unha vez o litoral galego sofre unha catástrofe ambiental e máis unha vez a Xunta de Galiza afrontou esta crise con ocultación, con mentiras, cunha flagrante negligencia e deixando só aos concellos.

O 8 de decembro, segundo os Gobernos español e portugués, o barco “Toconao” perdía en alta mar varios colectores. Un deles levaba 1.050 sacos, de 26,25 quilos cada un de pellets plásticos. O 13 de decembro a Xunta de Galiza xa é sabedora deste vertido no medio mariño, máis non será ata practicamente un mes máis tarde, a causa da presión social e mediática, cando comece a tomar as primeiras medidas.

É o 4 de xaneiro, cando se dirixe por primeira vez a algúns concellos costeiros, mediante unha carta do conselleiro do Mar, mais non para ofrecerlle colaboración ou os medios humanos e técnicos necesarios, senón unicamente para lembrarlles as “competencias que ten a administración local na limpeza dos areais”, precisamente despois de que fore esa a única administración que, con recursos propios, estaba atendendo a limpeza das praias desde o primeiro momento.

Aínda que a marea plástica seguía a estenderse, o 6 de xaneiro o Goberno galego activa o Plan Territorial de Continxencias por Contaminación Mariña (Plan Camgal)

no seu nivel mínimo, que se mantén ata o día 9 cando se decreta o nivel 2 que permite que poidan

intervir medios estatais.

A día de hoxe a Xunta continúa sen dispoñer de persoal suficiente nas praias, só 200 efectivos, sen facilitar equipos ou material de protección para as miles persoas voluntarias que están efectuando a limpeza e que tampouco e quen de coordinar.

É evidente que o Goberno galego fixo deixación de funcións, abandonou os concellos á súa sorte, desentendeuse da coordinación do voluntariado, mesmo naquelas zonas medioambientalmente máis sensíbeis, e non está a prever as consecuencias que a marea plástica pode ter no sector pesqueiro e marisqueiro galego.

Por outra banda, vén de afirmar que, segundo os informes contratados a unha empresa privada, os plásticos non son “tóxicos nin perigosos”, valoración que non comparte nin a UE nin a Fiscalía de Medio Ambiente do Estado que xa abriu unha investigación.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego so-mete esta moción a debate e aprobación polo Pleno do concello de Vilagarcía de Arousa propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

Esixir á Xunta de Galiza que:

1. Faga efectiva a súa colaboración cos concellos poñendo á súa disposición de inmediato todos os medios técnicos, materiais e humanos suficientes para facer fronte á crise ambiental que están a vivir.
2. Aumente o persoal de limpeza das praias ao seu cargo, de xeito que ningún areal afectado quede sen atender.
3. Centralice e se faga cargo de todas as xestións de reclamación de danos e re-sarcimento de gastos aos concellos por parte da aseguradora do buque que provocou o accidente.
4. Despregue todos os buques e helicópteros do Servizo de Gardacostas de Galiza para intensificar a vixilancia e actuar de inmediato.
5. Leve a cabo os estudos necesarios nos centros de investigación propios e en colaboración coas universidades galegas para determinar a composición e efectos dos plásticos, tanto na flora e fauna costeira como nas persoas.
6. Atenda a afectación que a marea plástica puidese ter na actividade pesqueira e marisqueira das nosas rías e, como consecuencia, nos traballadores e traballadoras do mar.

En Vilagarcía de Arousa, 12 de xaneiro de 2024

SR. ALCALDE

Sométese avotación polo Sr. Alcalde a declaración de urxencia da moción, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con doce votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (9), BNG (2) e EU (1) e oito abstencións dos/as Concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (8).

ACÓRDASE Por maioría aprobar a declaración de urxencia da moción presentada polo grupo político municipal do BNG para demandar da Xunta de Galiza accións para paliar as consecuencias da “marea plástica” nas costas galegas

- Dáse conta da emenda de adición presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE:

Esixir da Xunta de Galicia:

1º A elaboración de material informativo que poñerá a disposición de confrarías, asociacións, mercados, peixerías, etc.; para evitar calquera dúbida que as consumidoras e consumidores poidan ter sobre a excelente calidade do produto que se extrae das nosas costas e se comercializa,

incluíndo a súa difusión a través das redes sociais e medios telemáticos, evitando facer campañas partidistas como a que fixo a Xunta recentemente.

- Polo grupo político municipal do BNG aceptase a emenda presentada.

Na sesión plenaria sométese a votación polo Sr. Alcalde a moción do grupo político municipal do BNG coa emenda presentada polo grupo político municipal do PSG-PSOE, sendo o seu resultado o seguinte:

VOTACIÓN.- Con doce votos a favor dos/as Concelleiros/as pertencentes ós grupos políticos municipais do PSG-PSOE (9), BNG (2) e EU (1), e oito votos en contra dos/as concelleiros/as pertencentes ao grupo político municipal do PP (8)

ACÓRDASE Por maioría aprobar a moción presentada polo grupo político municipal do BNG coa emenda do grupo político municipal do PSG-PSOE e esixir da Xunta de Galicia:

1. Faga efectiva a súa colaboración cos concellos poñendo á súa disposición de inmediato todos os medios técnicos, materiais e humanos suficientes para facer fronte á crise ambiental que están a vivir.

2. Aumente o persoal de limpeza das praias ao seu cargo, de xeito que ningún areal afectado quede sen atender.

3. Centralice e se faga cargo de todas as xestións de reclamación de danos e re-sarcimento de gastos aos concellos por parte da aseguradora do buque que provocou o accidente.

4. Despregue todos os buques e helicópteros do Servizo de Gardacostas de Galicia para intensificar a vixilancia e actuar de inmediato.

5. Leve a cabo os estudos necesarios nos centros de investigación propios e en colaboración coas universidades galegas para determinar a composición e efectos dos plásticos, tanto na flora e fauna costeira como nas persoas.

6. Atenda a afectación que a marea plástica puidese ter na actividade pesqueira e marisqueira das nosas rías e, como consecuencia, nos traballadores e traballadoras do mar.

7. A elaboración de material informativo que poñerá a disposición de confrarías, asociacións, mercados, peixerías, etc.; para evitar calquera dúbida que as consumidoras e consumidores poidan ter sobre a excelente calidade do produto que se extrae das nosas costas e se comercializa, incluíndo a súa difusión a través das redes sociais e medios telemáticos, evitando facer campañas partidistas como a que fixo a Xunta recentemente.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240115&punto=8>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

9.- RESPONDA DOS/AS CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS ÁS PREGUNTAS FORMULADAS NO PLENO ANTERIOR.

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as respóndese ás preguntas formuladas no Pleno anterior.

- Sendo as 19:40 horas auséntase da sesión plenaria o Sr. Mouriño Santiago.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240115&punto=9>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

10.- ROGOS E PREGUNTAS FORMULADAS POLOS MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse rogos e preguntas que serán contestadas no próximo Pleno.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240115&punto=10>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

11.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE AS PERSOAS QUE ASISTEN COMO PÚBLICO Á SESIÓN. Por parte do público asistente non se formulan rogos e preguntas.

Para acceder a este asunto deberase pulsar sobre o seguinte enlace:

<http://vilagarcia.videoacta.es?pleno=20240115&punto=11>

Así mesmo poderá acceder á gravación íntegra en: sede.vilagarcia.gal

E sen máis asuntos que tratar, ás 19:50, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.